REUNIÓN DA COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

1.1 6383 (10/POC-001107)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o investimento destinado no ano 2016 ao desenvolvemento do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias, os datos referidos á súa execución, así como a súa incidencia por provincias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017

1.2 6603 (10/POC-001144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a situación en que se atopa a praga da couza guatemalteca da pataca despois das medidas adoptadas para o seu control e erradicación, os datos referidos ao seu impacto e a súa repercusión económica no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

1.3 6844 (10/POC-001183)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

1.4 8230 (10/POC-001429)
Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a actual situación de alto risco de incendios forestais derivada das condicións climatolóxicas extraordinarias

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.5 8405 (10/POC-001483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas familias produtoras en réxime de autoconsumo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017

1.6 8634 (10/POC-001523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como os datos referidos á superficie de terreo agrícola ocupado por plantacións silvícolas, principalmente por eucaliptos e piñeirais en masa pura e mixta

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

2.1 7779 (10/PNC-000814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa creación dun fondo forestal nacional co fin de incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados, así como a regulación do seu funcionamento

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

2.2 8846 (10/PNC-000936)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego dos montes veciñais en man común como unha titularidade veciñal, comunitaria, distinta e en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas, así como o traslado deste recoñecemento a todas as lexislacións estatais e autonómicas nas que

figuren
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Moisés Blanco Paradelo	P

Vicepresidente

Daniel Vega Pérez	P

Secretario

José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6383(10/POC-001107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o investimento destinado no ano 2016 ao desenvolvemento do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias, os datos referidos á súa execución, así como a súa incidencia por provincias

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6383
Data envio: 08/03/2017 18:50:17.264

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e **Daniel Vega Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias ten como obxectivo inxectar á Administración local unha axuda -cofinanciada nun 75% con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020- para a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso a dúas ou máis parcelas integrantes de explotacións agrarias; favorecer o acceso a montes veciñais en man común ou favorecer o acceso a parcelas incorporadas ao Banco de Terras.

O obxectivo xenérico a alcanzar con este plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais.

Para acadar este obxectivo é necesario, por unha banda, mellorar as dotacións existentes de infraestruturas básicas, e por outra, levar a cabo actuacións dirixidas a fomentar a implantación e a mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural.

As infraestruturas viarias son o equivalente ao sistema circulatorio dos humanos no rural. Por unha banda permiten o acceso ás 30.000 entidades nas que se asentan as vivendas da poboación rural e por outro supoñen as canles de saída das producións rurais (desde o leite ata a artesanía) e de entrada que os negocios rurais precisan. Polo tanto, se as vías rurais están en mal estado o sistema colápsase creando graves prexuízos, tanto para os habitantes como para os negocios e, sobre todo, para as explotacións.

Finalizado o desenvolvemento do plan para o ano 2016, parece conveniente obter información relativa a súa execución.
Por isto, os deputados asinantes, formulan as seguinte preguntas en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6383
Data envio: 08/03/2017 18:50:17.264

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

1. Cal foi o investimento destinado ao Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias plan no ano 2016 e cal foi o seu grado de execución?

2. Cantos camiños foron obxecto do Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias e en cantos municipios?

3. Cal foi a incidencia do Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias por provincias?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 08/03/2017 18:48:51

Raquel Arias Rodríguez na data 08/03/2017 18:49:05

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/03/2017 18:49:12

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2017 18:49:19

Carlos Gómez Salgado na data 08/03/2017 18:49:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/03/2017 18:49:37

Daniel Vega Pérez na data 08/03/2017 18:49:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 6603(10/POC-001144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a situación en que se atopa a praga da couza guatemalteca da pataca despois das medidas adoptadas para o seu control e erradicación, os datos referidos ao seu impacto e a súa repercusión económica no sector

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 17:19
Nº Rexistro: 6603
Data envio: 14/03/2017 17:19:15.908

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Logo da longa espera para ver o Real decreto polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación da *Tecia solanivora*, o 04/03/2017 puidemos desentrañar os diversos aspectos sociais, económicos e de sanidade vexetal encamiñados ao control e á erradicación da devandita praga.

E falamos de moito tempo desperdiciado xa que cos datos e as probas en poder da Consellería non se podía tardar tanto tempo en actuar, e polo tanto, os almacenistas non houbesen feito provisión de pataca para semente e ninguén houbese mercado pataca da semente, nin ninguén houbese plantado pataca, e agora o problema sería moito menor.

Hoxe a Administración vese na obriga de extremar as medidas para controlar e erradicar. Algo que nos queda claro a partir da publicación do Real decreto é que a Xunta ten toda a capacidade e responsabilidade no control, detección, vixilancia, demarcación, loita, castigo e medidas complementarias que implementen as da normativa estatal.

Unha vez que se puxo en marcha a normativa legal sobre a praga e, polo tanto, os mecanismos de control, vixilancia e loita contra a praga nas zonas infestadas os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que situación de control se atopa a praga da pataca despois das medidas adoptadas?

2ª) Cal foi a repercusión económica que tivo esta praga no sector da pataca?

3ª) Cantos produtores resultaron afectados pola normativa legal vixente e se viron na obriga de levantar a colleita sementada?

4ª) Cantos quilos de pataca foron recollidos e destruídos (de produtores)?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 17:19
Nº Rexistro: 6603
Data envio: 14/03/2017 17:19:15.908

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

5ª) Cantos almacéns de pataca resultaron afectados polas medidas de control da praga?

6ª) Cantos quilos de pataca foron recollidos e destruídos dos almacéns?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/03/2017 17:14:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2017 17:14:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 6844(10/POC-001183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6844
Data envio: 20/03/2017 18:14:46.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**,**Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían ós concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascentas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible ou no mellor dos casos custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exiguo.

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan pra hoxe e fame pra callada pra mañá ó deixa-la terras en situación de aridez case permanente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6844
Data envio: 20/03/2017 18:14:46.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Está o goberno da Xunta ó tanto destes proxectos extractivos de seixo nos concellos de Oroso, Frades, Ordes e Mesía?

-Ten tomado o previsto tomar algunha medida concreta na defensa das terras agrarias ameazadas e dos postos de traballo en perigo?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2017 18:12:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6844
Data envio: 20/03/2017 18:14:46.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2017 18:12:21

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2017 18:12:25

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2017 18:12:28

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2017 18:12:30

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2017 18:12:33

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8230(10/POC-001429)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a actual situación de alto risco de incendios forestais derivada das condicións climatolóxicas extraordinarias

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8230
Data envio: 24/04/2017 18:47:49.804

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.**

Nos últimos tempos vimos asistindo no noso país a un fenómeno novo, a desestacionalización dos incendios forestais. Un inverno e unha primavera secas explican esta situación de proliferación de incendios fóra do cualificado tradicionalmente como período de alto risco, os meses de verán.

Os datos permiten contrastar esta afirmación. Por exemplo, entre decembro e xaneiro houbo no noso país preto de 180 lumes. A Semana Santa deixou varios incendios forestais en Galicia, que calcinaron preto de 600 hectáreas. Dende o día 10 de abril arderon, segundo os partes da Consellería do Medio Rural -que só inclúen os lumes que superan as vinte hectáreas ou aqueles nos que hai risco para núcleos habitados-, 100 hectáreas de monte en Lobios, 20 hectáreas en Carballeda de Avia, 22 en Melón, 34 en Vilariño de Conso, 137 en Carballeda de Valdeorras e 80 en Cervantes. O 20 de abril, un incendio en Ferrolterra queimou unhas 450 hectáreas en pouco máis dun día. Ese mesmo día, en Negreira**,** o lume arrasou 131 hectáreas.

Porén, non se trata dunha situación exclusiva deste ano. En anos anteriores, tamén fóra da tempada de alto risco, houbo importantes incendios, como exemplo, en marzo de 2012 as Fragas do Eume, calcinando 800 hectáreas; e no mesmo mes o lume no Courel que arrasou 230 Has. En decembro de 2013, un lume afectou 300 hectáreas na Serra do Xurés.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8230
Data envio: 24/04/2017 18:47:49.804

Estes casos plantexan a necesidade de reforzar os servizos de extinción e prevención durante todo o ano. Ante esta situación, cómpre lamentar que non se tomaran antes medidas preventivas nos montes galegos por parte da Administración autonómica, xa que se limitan a época estival.

Todos os anos, en función das condicións climatolóxicas, a Xunta decreta un período de alta actividade incendiaria fixo no verán (normalmente dende o 1 de xullo ao 30 de setembro) e outro variable noutros momentos do ano.

Nestes momentos que, vistos os datos, podemos considerar de alta incidencia incendiaria, a Xunta ten nos montes 3.000 persoas integradas no dispositivo contra incendios. En xullo, cando comece o considerado como o período de maior risco, serán en torno a 7.000 as persoas que traballen no servizo de loita contra o lume.

A Xunta declarou o período de alto risco en incendios forestais o 13 de abril, mais o persoal de reforzo continúa sen sen contratado. Os traballadores de reforzo para as tempadas de alto risco, pertencentes ao persoal propio do *Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais* (SPDCIF) da Consellería do Medio Rural, continúan fóra de servizo, a pesar da declaración de perigo alto.

Esta situación require dun esforzo especial en prevención e traballo de extinción. Sen embargo, o único plan de prevención que existe, o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), non se presenta ata finais de maio. Precisamente, a Memoria 2016 do PLADIGA establece que na *época de Perigo Alto* "o despregue dos medios de extinción e alerta deberán ser os máximos, en función da avaliación do risco e a vulnerabilidade".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8230
Data envio: 24/04/2017 18:47:49.804

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todos estes motivos presentamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas pensa tomar a Xunta para afrontar esta situación de alto risco de incendios?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/04/2017 18:46:38

David Rodríguez Estévez na data 24/04/2017 18:46:48

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 8405(10/POC-001483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas familias produtoras en réxime de autoconsumo

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8405
Data envio: 28/04/2017 11:05:25.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

A día de hoxe, e a tenor do que se nos comunicou respostando a dúas preguntas orais feitas en Comisión polo PS de G e BNG, hai tomadas diversas medidas para tentar controlar e erradica-la praga da couza da pataca dos 31 concellos afectados.

Sabemos que o decreto elaborado polo goberno do estado contempla indemnizacións para aqueles produtores de pataca que se dediquen á produción, comercio ou venda deste tubérculo, pero non así para aqueloutros que son produtores do mesmo para autoconsumo e que se ven prexudicados polas medidas tomadas nas zonas afectadas.

Ten especial incidencia naquelas familias azoutadas pola crise e con ingresos escasos.

Somos conscientes das dificultades que orixina este aspecto dadas as características especiais da nosa sociedade rural. A principal dificultade está na avaliación das perdas e a valoración das mesmas.

Afirmamos que ós galegos e galegas do rural que complementan a escasa renda posible neste cada vez máis inactivo medio, asístelles o dereito a seren protexidos no seu modus vivendi por axudas pertinentes que veñan minimiza-lo impacto da couza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8405
Data envio: 28/04/2017 11:05:25.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

Que ten pensado facer a Consellería para minimiza-lo impacto que a couza vai ter nas familias que producen patacas en réxime de autoconsumo?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/04/2017 11:02:09

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2017 11:02:13

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2017 11:02:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8405
Data envio: 28/04/2017 11:05:25.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2017 11:02:22

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 11:02:24

Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 11:02:28

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 8634(10/POC-001523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como os datos referidos á superficie de terreo agrícola ocupado por plantacións silvícolas, principalmente por eucaliptos e piñeirais en masa pura e mixta

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:33
Nº Rexistro: 8634
Data envio: 04/05/2017 16:33:29.222

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

De todos é coñecida a proliferación de árbores do xénero *eucaliptus* que desde mediados do século XX comezaron a estenderse fundamentalmente pola Galicia costeira de mans da especie do *Globulus*, que pouco a pouco foille ganando terreo a outros xéneros e especies arbóreas autóctonas ata chegar a constituír un auténtico monocultivo forestal que ocupa aprox. 290.000 ha de manchas puras deste xénero, que sumadas ás aprox. 150.000 ha de eucalipto mesturado con caducifolias e piñeiros chega ata ás aprox. 450. 000 ha que ocupa en Galicia, case o dobre do previsto para un horizonte temporal do ano 2032.

As razóns desta eclosión forestal hai que buscalas en varias causas que van desde a gran adaptación dalgunha especie ao clima galego de influencia marítima e a máis recente doutras especies do xénero a climas máis extremos e de altitude. Ademais, o rápido crecemento das distintas especies é un elemento que xoga a favor do eucalipto nunha sociedade que tende a buscar rendementos de xeito inmediato e non é quen de ver máis alá dunha década; e xunto a esta característica está a demanda da industria pasteira e máis recentemente tamén a dos taboleiros.

O desbordamento superficial das previsións sobre as árbores deste xénero tamén é froito da falta e/ou insuficiencia no control e na planificación da política forestal galega do ano 1992. Esa política forestal non soubo prever o impacto de moitas variables que levaron á situación actual que ameaza con descontrolar a planificación forestal, e mesmo dar ao traste coa viabilidade e multifuncionalidade tanto da superficie forestal como do monte e das plantacións dos produtores que aspiran a ter nelas unha fonte de ingresos.

Non é suficiente deixar fóra das especies subvencionables ao eucalipto xa que a rapidez no crecemento e o rendemento económico son motores que expanden o cultivo sen aparente contención.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:33
Nº Rexistro: 8634
Data envio: 04/05/2017 16:33:29.222

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A pesar de que na Lei de 2012 se prohibe plantar eucaliptos en terreo agrícola, nas proximidades das casas, nas marxes dos ríos, en zonas de protección, en manchas forestais de caducifolias, e ter que pedir permiso especial para plantacións de máis de 5 ha., a evidencia da comprobación sobre o espazo xeográfico galego fálanos doutra realidade ben distinta.

En distintos medios relacionados co mundo rural, fálase dunha superficie aproximada de 30.000 ha. de terras agrícolas plantadas principalmente con eucaliptos, vulnerando de plano a Lei de 2012.

Na actualidade os medios tecnolóxicos dos que dispón a Consellería e os distintos organismos e entidades dependentes da Xunta son máis que suficientes para detectar a localización e a superficie que ocupan as masas forestais en terra agrícola e, nomeadamente, as ocupadas polas distintas especies do xénero eucalipto e piñeiro.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

1ª) Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para face cumprir a Lei de 2012?

2ª) Que superficie de terras agrícolas ocupan as plantacións silvícolas?

3ª) Cantas ha.de terras agrícolas se corresponden a eucalipto en masa pura e mixta?

4ª) Cantas ha. de terras agrícolas se corresponden con piñeirais en masa pura e mixta?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 13:58:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 13:58:48

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:33
Nº Rexistro: 8634
Data envio: 04/05/2017 16:33:29.222

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7779(10/PNC-000814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa creación dun fondo forestal nacional co fin de incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados, así como a regulación do seu funcionamento

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 13:45
Nº Rexistro: 7779
Data envio: 07/04/2017 13:45:41.882

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

As áreas forestais de España, supoñen máis de 27,7 millóns de hectáreas, o 54,8 % da superficie do noso pais. Esta porcentaxe é oi superior ó da maioría dos países europeos, coa excepción de Suecia e de Rusia, case o dobre da superficie forestal de Francia e cerca do triplo de Alemania.

No caso da nosa Comunidade Autónoma, segundo datos do Cuarto Inventario Forestal Nacional (IFN4), a superficie forestal ascende a 2.030.681,03 hectáreas o que supón máis do 7,3% da total de España.

Aproximadamente un 27% da superficie forestal de España é de titularidade pública e o resto, preto do 70 %, privada. Os datos de Galicia son moi diferentes, existindo menos dun 3% de superficie forestal de titularidade pública. A práctica totalidade dos montes galegos teñen carácter privado, xa se trate de montes de particulares, montes veciñais en man común ou montes de varas.

Outra característica do sector é a escasa rendibilidade económica da actividade forestal para os propietarios, que ademais e diante da insuficiencia de axudas públicas, asume os custes dos múltiples beneficios que os bosques proporcionan á sociedade.

En moitos casos, especialmente na nosa Comunidade Autónoma, os custos de xestión selvícola das superficies forestais fan economicamente inviable facer inversións destinadas ó aproveitamento dos montes.

Esa situación, amén do envellecemento da poboación e despoboamento en xeral, fai que no caso das comunidades de montes, leve ó abandono dos montes e á falta de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 13:45
Nº Rexistro: 7779
Data envio: 07/04/2017 13:45:41.882

xestión, o que se traduce en pouco tempo, na acumulación de maleza, na aparición de pragas, e na proliferación dos incendios, o que , por outro lado, ocasiona, a necesidade de enormes gastos das administracións en medios para combatelos.

As medidas de prevención de incendios forestais, teñen, como obxectivo reducir o risco de inicio do lume, e, no seu caso, a intensidade e velocidade da súa propagación, incidindo na protección dos montes mediante actuacións de selvicultura preventiva que actúen sobre a acumulación, estrutura e distribución espacial do cumbustible forestal, incidindo, decisivamente, na facilidade de ignición e de propagación, e, en definitiva, na superficie finalmente queimada.

Unha decidida actuación en selvicultura preventiva, non solo xeraría emprego de maneira inmediata senón que evitará que moitos incendios se produciran, coa diminución dos custes de extinción que iso conleva. Sen embargo, nun monte escasamente rentable, en termos exclusivamente económicos os propietarios, marioritariamente privados, dificilmente poden asumir os custes derivados dunha selvicultura preventiva en ausencia de incentivos.

Aínda que os montes, na súa maioría non son rendibles, transfiren á totalidade dos cidadáns uns servizos que permiten a miúdo a propia supervivencia, cando non melloran, a calidade de vida da poboación. É coñecido o papel que os montes fan na regulación dos ciclos da auga, en cantidade e en calidade, mitigando as inundacións e grandes riadas cando hai exceso nas precipitacións.

Tamén é evidente o papel que os montes desempeñan na loita contra a erosión, e, que impide inundacións, evitando perdas de solo. Ultimamente, tamén se puxo de relieve a labor que os montes teñen como elementos de captura e almacenamento de CO_2, que permiten mellorar o balance e emisións do noso pais e así cumprir cos obxectivos asumidos pro España trala ratificación dos acordos de París.

O artigo 65 da Lei 4/2003 de 21 de novembro, de Montes, contempla xa os incentivos polas externalidades ambientais, indicando que as administracións públicas regularán os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 13:45
Nº Rexistro: 7779
Data envio: 07/04/2017 13:45:41.882

Aínda que sexa moi complicado calcular cal é o prezo da cada un destes servizos, iso, non debe ser motivo para o mantemento no tempo dunha situación que se demostra inxusta.

Polo tanto, podería fixarse unha taxa simbólica por metro cúbico de auga subministrada (da orde de 10 céntimos) e por litro de carburante ou o seu equivalente enerxético en gas ou carbón e os grandes operadores (compañías de abastecemento e depuración de augas para o primeiro caso, e compañías de distribución de combustibles fósiles no segundo), que se encargarían de transferir os correspondentes importes a un FONDO FORESTAL NACIONAL, xestionado polo Ministerio en concordancia coas Comunidades Autónomas.

Resulta evidente, por outro lado, que a xestión sostible promovida por este mecanismo consegue simultaneamente a agrupación de montes tan pequenos que non poden ser xestionados, consegue que os montes estean en boas condicións para afrontar un posible incendio, o que a súa vez permitiría unha diminución das inversións, a partires dos presupostos públicos, en prevención e extinción de incendios, así como unha captura do CO2.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

. Crear un FONDO FORESTAL NACIONAL, co obxecto de incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados, cos seguintes obxectivos:

- A compensación ós titulares de montes que cunha xestión sostible xeran servizos medioambientais dos que disfruta a sociedade en xeral.

- A ampliación da superficie forestal que xera os devanditos servizos, ben por reforestación ou ben por implantación de xestión forestal sostible sobre masas persistentes.

- A protección das masas forestais xeradoras de servizos ambientais fronte ós factores que as ameazan singularmente a adaptación do cambio climático.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 13:45
Nº Rexistro: 7779
Data envio: 07/04/2017 13:45:41.882

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

- Potenciar o efecto sumidoiro dos nosos montes.

. Regular o funcionamento do FONDO FORESTAL NACIONAL, que garantizará a participación das Comunidades Autónomas e establecerá a orixe das contribucións ó Fondo, máis concretamente en:

- A porcentaxe que regulamentariamente se determine da subhasta de dereitos de emisión.

- As taxas que deberían aboar as empresas de abastecemento e depuración de augas e as compañías de distribución de combustibles fósiles polos servizos que o monte lles presta.

- A cantidade que se asigne nos Presupostos Xerais do Estado".

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/04/2017 13:32:28

Silvestre Balseiros Guinarte na data 07/04/2017 13:32:39

José González Vázquez na data 07/04/2017 13:32:46

Moisés Blanco Paradelo na data 07/04/2017 13:32:58

Raquel Arias Rodríguez na data 07/04/2017 13:33:05

Carlos Gómez Salgado na data 07/04/2017 13:33:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/04/2017 13:33:23

Daniel Vega Pérez na data 07/04/2017 13:33:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 8846(10/PNC-000936)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego dos montes veciñais en man común como unha titularidade veciñal, comunitaria, distinta e en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas, así como o traslado deste recoñecemento a todas as lexislacións estatais e autonómicas nas que figuren

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8846
Data envio: 09/05/2017 19:17:43.089

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da deputada **Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre o recoñecemento da titularidade veciñal.

Exposición de Motivos:

Os montes veciñais en man común son restos de antigas titularidades colectivas. A súa titularidade correspóndelle a veciñanza comuneira, independentemente de que as formen nun momento dado, entendida a veciñanza non como un ente administrativo, senón como un grupo social.

Os montes veciñais en man común son titularidades sen asignación de cotas e xa que logo, non poder herdarse nin transmitirse.

Os montes veciñais en man común son titularidades de carácter xermánico, imprescritibles, indivisibles, inalienables e inembargables. Son outra forma de posuír que temos as galegas e galegos.

A súa xestión, a administración e a posta en valor dos montes veciñais en man común, non pode levarse adiante de xeito individual. Ten que ser tomada de xeito democrático nas asembleas xerais das comunidades de montes veciñais en man común.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8846
Data envio: 09/05/2017 19:17:43.089

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Os montes veciñais non son nin titularidades públicas, nin titularidades privadas. Son titularidades colectivas, veciñais e comunitarias, sen embargo, en tódalas lexislacións, tanto estatais como autonómicas, os montes veciñais en man común están adscritos ós montes de titularidade pública.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que recoñeza os montes veciñais en man común como unha titularidade veciñal, comunitaria, distinta e en pé de igualdade das titularidades públicas e privadas.
2. Trasladar este recoñecemento a tódalas lexislacións estatais e autonómicas nas que figure o monte veciñal en man común.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo,

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8846
Data envio: 09/05/2017 19:17:43.089

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/05/2017 19:15:31

Paula Quinteiro Araújo na data 09/05/2017 19:15:44

Luis Villares Naveira na data 09/05/2017 19:15:52